



SOBRE A PRESENZA DOS APELIDOS CATALÁNS EN GALICIA

Ana Boullón Agrelo
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

*A Trinitat Pradell e Daniel Crespo,
cataláns bos e xenerosos*

0. Introdución*

O corpus onomástico galego, coma o dos restantes países europeos, non é absolutamente homoxéneo, senón que reflicte os movementos poboacionais ocorridos ó longo dos séculos. Resulta especialmente indicativo o exame dos apelidos, pois os nomes son cambiantes de xeración en xeración e manifestan de maneira moito máis acusada a fluctuación das modas e tamén do pensamento político ou social dunha época. Noutra ocasión, a propósito das voces *raposo* e *golpe*, tentamos demostrar cómo o estudio de determinados apelidos nos podían dar indicios sobre a vía de penetración dos correspondentes ítems léxicos (Boullón 2002). Agora queremos examinala maneira en que o noso país, de tradición secularmente emigratoria, recibiu un compoñente onomástico diferente, o catalán, a partir de qué momento e en qué medida deixou as súas pegadas.

1. Compoñentes lingüísticos no corpus dos apelidos galegos

En primeiro lugar, veremos qué proporción ocupan os nomes cataláns no conxunto dos apelidos galegos. Nos gráficos seguintes establecemos unha aproximación cuantitativa ás porcentaxes dos distintos elementos lingüísticos presentes no corpus dos apelidos galegos, realizada a partir dos datos proporcionados polo Censo de nados vivos de 1998 do Instituto

* Para a elaboración deste artigo, redactado en Oxford, foime moi útil, por diversas razóns, a axuda de Isidro Dubert e Moisés Barreiro Comedeiro desde Galicia, e de Reina Bastardas, Esperança Piquer, Emili Casanova e M^a Xesús Lama desde os países cataláns. Quero dexar aquí constancia do meu agradecemento.

Galego de Estatística, e que está na sección de onomástica do Instituto da Lingua Galega. Constitúen un total de 5.456.153 ítems, repartidos entre 17.141 formas distintas.

Gráfico 1





Gráfico 2



A distribución realizada distingue entre apelidos galegos, españois, hispánicos, vascos, cataláns, foráneos (estranxeiros) e non identificados. Estas denominacións teñen unha intención máis sociolingüística ca estritamente lingüística. Para explica-las etiquetas que poidan resultar menos transparentes será útil clarexar algunhas cuestións.

1. A denominación “hispánicos” refírese ás formas que poden ser comúns ó galego e a outros romances hispánicos, tales como moitos dos patronímicos (*Rodríguez, Fernández, González, López...*), ou apelidos que presenten unha morfoloxía común (*Campos, Negro, Calvo, Trigo...*).
2. Dentro dos apelidos clasificados como “españois” hai moitos que non se poden atribuír a formas de inmigración; trátase de castelanizacións de apelidos propiamente galegos, e iso explica a súa alta recorrencia (*Alonso, Puentes, Fuentes, Martínez, Villar, Romero...*). Por tanto, non se debe considerar que tódolos apelidos casteláns proceden de persoas que viñeron de fóra de Galicia, senón que unha boa parte deles resultan da transformación, froito da historia social do noso país, dos apelidos propiamente galegos.

A porcentaxe dos apelidos galegos é superior á de calquera outro grupo: no gráfico 1, coas porcentaxes calculadas en relación ás 117.139 formas distintas do corpus dos apelidos en Galicia, vemos que as formas galegas son maioritarias (case un 30%). Os datos aparentan ser bastante distintos no gráfico 2, coa porcentaxe baseada no número de ocorrencias que suman as formas anteriores, aquí, os apelidos etiquetados como hispánicos son maioritarios (case un 44%), aínda que seguidos moi de cerca polos galegos (un 42%). A desproporción entre ámbolos gráficos vén dada polo diferente grao de frecuencia de cada forma: no grupo do etiquetados como “hispánicos” están os apelidos máis frecuentes, é dicir, en poucas formas concéntranse un gran número de portadores¹. Con outros grupos ocorre o contrario: teñen un número elevado de formas e escasas recorrencias para cada unha (por exemplo, os foráneos, de orixe non española, ou os non identificados, moitos deles con só tres ocorrencias). O mesmo ocorre cos grupos hispánicos non españois, os vascos e cataláns²: as porcentaxes son máis altas cando temos en conta as formas distintas que cando considerámo-lo número total de persoas que as portan; así, os apelidos cataláns pasan dun 6% a un 0,46%. En todo caso, a porcentaxe dos cataláns é superior en ámbolos aspectos á dos vascos, como parece lóxico corresponder ó número de poboación respectiva dos dous países.

A seguir, trataremos das condicións históricas que motivaron a presenza dun bo número de ítems cataláns e que nos permitirán data-la súa antigüidade.

¹ Por exemplo, dos 6 primeiros patronímicos na orde de frecuencia (*Rodríguez, Fernández, González, López, García e Pérez*), hai 1.109.248 de ocorrencias.

² Para a determinación dos apelidos cataláns consultamos basicamente Moll (1982), e as páxinas web do Institut d'Estadística de Catalunya (Idescat) e do Diccionari català-valencià-balear (DCVB) de Alcover e Moll, posto na rede polo Institut d'Estudis Catalans.

³ Non sendo que se indique expresamente outra fonte, nesta exposición seguimos a Alonso Álvarez 1976.

2. O marco histórico³

Na segunda metade do século XVIII produciuse en Galicia unha inmigración de burguesía foránea, non só catalana, senón tamén vasca ou maragata, propiciada tanto pola falta de mentalidade empresarial da burguesía autóctona coma polas circunstancias favorables: unha boa conxuntura e un claro crecemento económico, no que interveñen un sostido medre demográfico, a difusión de novos cultivos (millo e pataca) e a maior produción doutros vellos (viño), e os crecentes beneficios rendistas (de Juana / Prada 1996: 47-49).

A afluencia de industriais cataláns que comezaron a cambia-los sistemas tradicionais de pesca e salazón que existían previamente nas costas galegas débese tamén a outras circunstancias específicas. En primeiro lugar, o movemento demográfico produciuse en boa medida por existir en Cataluña un excedente de man de obra pesqueira que necesitaba novos lugares onde exercer-la súa actividade. Ese excedente de man de obra viña motivado tamén por razóns de índole técnica: desde o séc. XVI en Cataluña practicábase a pesca de arrastre, que se coñecera a través dos provenzais. Con este novo método conseguíase moita maior produción a un custo moito máis baixo de traballo e esforzo humano, en contraste cos métodos tradicionais de cerco. A contrapartida principal era a esquilma dos fondos mariños. Por iso, cando o principal obstáculo para o espallamento desta arte, o seu alto custo, foi superado no século XVIII, a Real Audiencia de Cataluña limitou o seu uso a 16 *bous* (así chamados pola forza animal que utilizaban), os necesarios para garanti-la subministración da cidade de Barcelona. A riqueza natural das costas galegas convertíase en destino natural desta necesidade productiva.

Outra circunstancia decisiva ten que ver coa economía e coa política internacional. No mercado mediterráneo apreciábase moito o peixe salgado, que era proporcionado non só pola pesca local senón tamén, en boa medida, polas illas inglesas de Shetland. Pero este comercio viuse interrompido a partir de 1738 co inicio da terceira guerra do s. XVIII entre España e Inglaterra, e a situación agravouse aínda máis coa guerra dos Sete Anos, en 1761. De maneira que se buscaron novas fontes: de empresas escandinavas chegaba o bacallao; de Galicia, a partir das inmigracións catalanas, a sardiña, e de Andalucía, aínda que en menor contía, o atún.

Pero houbo outro importante factor, de tipo sociolóxico, que favoreceu o dominio dos cataláns das costas galegas: o establecemento en Galicia da matrícula de pesca de 1748, que concedía o monopolio da pesca nas costas galegas ós mareantes ou pescadores que se acolleran a ela, como un rexistro creado pola administración borbónica para garanti-la dotación dos buques de guerra. A pesar da vantaxe teórica que implicaba a medida para os pescadores galegos, que eliminaba a competencia dos non profesionais, foi moi prexudicial en primeiro lugar para os labregos que alternaban os labores do campo coa pesca. Pero, ademais, os que se matriculaban, como contrapartida, quedaban suxeitos ó servizo da Armada, sempre que esta os necesitase, entre os 16

³ Non sendo que se indique expresamente outra fonte, nesta exposición seguimos a Alonso Álvarez 1976.

e os 60 anos, isto é, practicamente toda a vida. As continuas guerras navais con Inglaterra (1761) e despois con Francia (1793-95) desencadearían a gran depresión para o sector pesqueiro e salazoneiro nativo, ó impedir que os matriculados se dedicasen a desenvolve-lo sector, limitándose a unha vida de subsistencia nos períodos que lles deixaba libre o servizo da Real Armada. Os cataláns tamén estaban matriculados nos seus respectivos departamentos marítimos, e debían presta-lo servizo da armada en Cataluña, non en Galicia; pero ó non estaren alí lograban eludila *de facto*, como denunciou no seu tempo Cornide en 1774:

Presentan unas licencias temporales de los ministros de Cataluña, que tienen muchos visos de supuestas: pues a ser ciertas, los reclamarían aquellos luego que fuesen fenecidas, y no se mantendrían uno y otro año sin hacer el servicio allá, ni acá: sirviéndoles para sustraerse a las faenas de la Real Armada, el pretexto de estar matriculados en otro departamento (*Memorias sobre la pesca*, 41-42, cit. por Alonso Álvarez 1976: 25).

Se temos en conta que Galicia era a principal rexión pesqueira de España (seguida de Cataluña e Andalucía, por esta orde), pois entre 1758 e 1765 supoñía o 37% de tódolos barcos españois (1.798) e o 34% dos homes que se dedicaban á pesca (6.418), está claro que foi a comunidade que máis se resentiu do sistema das levas forzosas (Fernández / Martínez Show (1984), *apud* Saavedra Vázquez 1995: 87).

Os industriais cataláns, así, trouxeron consigo non só a pesca de arrastre, a xábega e o bou (o que motivou a queixa dos ilustrados galegos, principalmente Cornide e Sarmiento, polo que supuña de destrución dos recursos naturais), senón tamén un cambio no sistema de elaboración da conserva (co sistema de *prensado*, os cataláns extraíanlle máis graxa, para facer posible unha viaxe moi longa do produto a zonas máis cálidas e, ademais, comercializaban a graxa; pero o produto resultante era de peor calidade, a sardiña quedaba “seca y sin substancia”, segundo Cornide (*Memoria sobre la pesca*, 146-7); e tamén un cambio da organización do traballo: substituíron o sistema tradicional do quiñón por un salario. O empresariado catalán proporcionaba o arrastre (inalcanzable polo seu custo económico para os mareantes galegos), e recompensaba o traballo dos pescadores mediante produtos procedentes de Cataluña (fundamentalmente viños e augardentes) ou unha cantidade de cartos; tamén podía ser que mercase a pesca que os mareantes conseguían cos seus propios aparellos de cerco ó prezo que el mesmo impoñía; nos dous supostos, o produto da pesca ía sempre parar ás mans do empresario.

As consecuencias desta situación non só foron económicas, senón tamén sociais. Por un lado, as clases máis baixas, os mareantes, viron as súas fontes naturais esquilgadas e cómo a súa subsistencia pasaba a depender practicamente dos cataláns. As clases máis altas (a reducida burguesía comercial, a pequena nobreza feudal ou a nobreza xurisdiccional ou o alto clero), viron ameazado o seu *status quo* por diferentes razóns, entre as que sobrancea a perda dunha importante fonte de ingresos, o décimo do mar, que os cataláns se resistían a pagar, ou o cuestionamento por diversas razóns

da estabilidade do Antigo Réxime. Así se explican os distintos conflitos que ocorreron entre finais do XVIII e principios do XIX. As clases máis altas poñíanlles obstáculos mediante trabas legais ou preitos e as máis baixas mediante ataques directos: así se produciron queimas de fábricas e destrución dos seus bens, principalmente as artes de xábega, por exemplo, en Esteiro e Portosín. A partir dos anos 40 os conflitos desaparecen, e a burguesía catalana pasou a situarse ó lado das clases dominantes na cúspide da pirámide social.

Na mesma liña, os ilustrados contemporáneos, principalmente Cornide, criticaron moi duramente a situación creada polos cataláns:

Vivía esta (Galicia) en el seno de la paz y de la abundancia: gozaba de los frutos de su costa y suelo sin zozobra de perderlos en el futuro: estraíalos en naves propias a los países extranjeros, y las retornaban cargadas de muchos géneros de preciso consumo, y de gruesas sumas, que aumentaban su moneda: ignoraba las fatales consecuencias del lujo, porque no lo conocía: y hé aquí se presentan los industrioses catalanes: esos Holandeses del Mediodía, que vinculan su subsistencia en los productos de la industria: esos hombres especuladores, cuyas operaciones dirige sólo el interés, y derramándose en varias colonias de pescadores y traficantes por la costa, ocupan hasta la máis pequena ensenada: emprenden la ruina de su pesca: *transforman el comercio de sus naturales, dexándolos en unha sujeción precaria: abusan de la sencillez de los incautos pescadores: empáñanlos en contratos, que causan su ruina, y anticipándoles en vinos y aguardiente el valor de su futuro trabajo*, vician sus costumbres y fomentan su ociosidad (Cornide, *Memorias sobre la pesca*, 1774: 59-60, cit. por Alonso Álvarez 1976: 26).

A valoración dos historiadores galegos con respecto á penetración dos cataláns en Galicia é diversa: Alonso Álvarez (1976: 97) móstrase moi crítico, pero non por coincidir con Cornide, posto que considera que os homes da ilustración galega (Sarmiento, Cornide, Somoza de Monsoriu e Lucas Labrada), aínda que intenten mellora-la sorte das clases oprimidas da Galicia marítima, estaban subordinados ideoloxicamente ás clases privilexiadas do grupo dominante⁴: a propia natureza da Ilustración denuncia as causas e motivos do atraso económico, pero non pretende modifica-lo sistema económico e social que propiciaba ese atraso; ve a necesidade de promove-lo desenvolvemento das forzas productivas sen altera-las relacións de produción. De modo que o reproche de Alonso Álvarez apunta á constatación de que a penetración dos fomentadores cataláns non produciu un cambio nas estruturas económicas da Galicia costeira, xa que a maior parte dos beneficios volveron a Cataluña e alí contribuíron a financia-la súa industrialización. Pero non só responsabiliza ó carácter colonialista da ocupación dos cataláns, senón tamén ás condicións do propio reino de Galicia:

No auxe demográfico do XVIII o exceso demográfico absorbeuno o campo, co que se impediu a formación dun excedente agrícola que podería alimentar unha

⁴ Non tódolos estudiosos concordan con esta crítica de Alonso Álvarez: así, Beiras, n' *O atraso económico de Galicia*, di que eran pioneiros da economía política burguesa, máis que ideólogos do Antigo Réxime (cit. por Alonso Álvares 1976: 97, nota 102).

hipotética poboación urbana industrial. Por outra parte, segundo o sistema señorial de tenza da terra en Galicia, o propietario absentista recibía do campesiño unha renda anual fixa que saía do Reino, mentres que o campesiño, sen capital, non investía. Ámbolos factores, o auxe demográfico e a estrutura xurídica da propiedade da terra propiciarían unha falta de rendibilidade, unha imposibilidade de investimentos, o subemprego e a emigración; en suma, unha economía agraria de subsistencia.

Por todo isto, a estrutura económica do reino de Galicia, cun sector agrario fundamental baseado nas explotacións de subsistencia e carecendo dun mercado rexional articulado, non estaba en condicións de asimilar unha influencia de tipo capitalista que suscitara a necesidade de desenvolve-lo resto dos sectores económicos. Se a isto engadimos o carácter colonialista do capitalismo catalán e a resistencia das forzas sociais do Antigo Réxime á penetración, o proceso quedaba moi dificultado (Alonso Álvarez 1976: 135-136; a traducción é miña)

Pola contra, a visión de Meijide Pardo, outro historiador que dedicou un bo número de traballos a este tema, é positiva:

Es obvio que los llamados *fomentadores* catalanes —dueños de mayores recursos, sistema empresarial, técnica innovadora y espíritu de iniciativa que el pescador nativo— contribuyeron decisivamente a promover una extraordinaria prosperidad en los pueblos marítimos en que se asentaron. Así coadyuvaron a transformar a Galicia en la primera base de pesca salada, con la consiguiente y positiva proyección para la economía española. (Meijide Pardo 1968: 40)

Finalmente, traballos máis recentes, como o de Rodríguez Ferreiro (1990) fan unha interpretación máis ponderada, establecendo un balance globalmente positivo; velaquí, nun sentido semellante, as palabras de de Juana e Prada (1996: 47):

É certo que non trocaron as relacións de poder, que a nivel social e político non influíron nos grupos dominantes, e que, sen chegar a producir unha auténtica revolución industrial, é lóxico pensar que, sobre todo a partir da segunda xeración, a riqueza que produciron quedou nas súas mans e eles en Galicia onde, a pesar da súa primixenia endogamia, remataron por se integrar.

A onomástica pode contribuír, neste caso, a coñece-la permanencia dos cataláns en Galicia despois do período de asentamento das fábricas de salga. A afluencia de persoas foi moi grande: Meijide Pardo (1969: 290) cita a cifra de 15.000 mercadores e industriais; se temos en conta a citada cifra de pescadores en toda Galicia na segunda metade do XVIII, uns 6.500 (Saavedra 1995: 87), vemos que aqueloutra cifra, aínda que repartida entre ese período e os primeiros lustros do XIX, tivo que significar unha repercusión enorme para o conxunto da poboación marítima galega⁵. De feito, disque contra 1808, das case 400 factorías de salga que había no litoral galego, un 80% estaban en poder dos cataláns (Meijide Pardo 1973: 6).

⁵ De todas formas, parece unha cifra desorbitada. De Juana e Prada (1996: 46) falan de 1.500, número máis plausible, aínda que remiten a un artigo de Meijide de 1959 que non trae esta cuantificación. Rodríguez Ferreiro (1990) reproduce a mesma cifra dada por Meijide sen cuestionala.

3. A produtividade onomástica dos asentamentos cataláns

Para realiza-lo seguimento dos apelidos, baséome nos traballos de Meijide Pardo, que lle dedica estudos individualizados a diversas zonas xeográficas: de norte a sur, Mugardos, que contaba co maior número de embarcacións do ámbito ferrolán (por diante de Ferrol, Ares, Pontedeume e outros) (Meijide Pardo 1984: 12); Sada e Fontán, na ría de Betanzos; a ría de Arousa, onde a penetración alcanzou as máis altas cotas numéricas, circunstancia explicable doadamente pola tradicional hexemonía pesqueira desta área (Meijide Pardo 1973: 7). E finalmente, Vigo, que, aínda que non era o primeiro porto en volume de capturas ou número de matriculados, pois adiantábano Cangas e Redondela (Meijide Pardo 1969: 37), posiblemente foi escollido polos cataláns en parte para evitar conflitos cos poderosos gremios de mareantes, que alí non tiñan tanto poder. Por último, tamén tiramos algunhas formas de Alonso Álvarez (1976) e Rodríguez Ferreiro (1990).

Os conserveiros citados nestes traballos son ó redor de 255; naturalmente, o autor non pretendía facer unha nómina completa, senón unicamente mención dos aspectos que lle interesaban, e por iso os citados normalmente eran os comerciantes máis prósperos ou os máis implicados na vida local. Porque moitas veces, estes cataláns, normalmente de talante liberal, chegaban a ter distintas responsabilidades na vida pública: en Mugardos, por exemplo, varios deles chegaron a ser alcaldes (5 entre 1802 e 1834), xuíces e rexedores (Meijide Pardo 1984: 11-12). Era bastante habitual que aparecesen varios membros da mesma familia: irmáns, ou pai e fillo, que lle sucedía no negocio, e tamén era práctica común, aínda que non exclusiva, casar entre eles. De maneira que a nómina total contén diversos apelidos que se repiten. Tiven en conta unha forma por apelido, independentemente de que se trate de membros de familias diferentes ou dos seus lugares de asentamento, o que dá un total de 168 formas distintas. Sen embargo, non todas poden ser tidas en conta para o noso estudio, por varias razóns:

- a. Algúns teñen unha morfoloxía semellante á castelá, e por tanto é imposible determinar cál pode se-la orixe última dos portadores destes apelidos en Galicia. Son formas como *Barreras*, *Carreras*, *Pascual*, *Roca*.
- b. Outras, aínda sendo de persoas oriúndas de Cataluña, teñen un apelido español (como *Haz*, *Guijeras* o *Llorente*) ou hispánico (*Enríquez*).
- c. Por outra parte, hai un problema derivado das características dos datos do censo actual do que dispomos, que carece de acentos gráficos, o que impide podermos distinguir entre formas que doutro xeito non serían homógrafas (e en ningún caso homófonas), e que corresponden a distintos apelidos; por exemplo, un apelido como *Miró* aparece no censo sen acento, polo que pode facer referencia tamén a *Miro*; o mesmo lle pasa a *Carrero* e *Carreró*, *Marco* e *Marcó*, *Mille* e *Millé*, *Vila* e *Vilá*, *Alba* e *Albá* e *Casas* e *Casás*.

- d. Finalmente, tamén aparecen citados outros conserveiros de procedencia distinta á catalana (*Mascato* é galego e *Masetti* italiano).

Con estas excepcións, e tendo en conta que non contei os segundos apelidos (pois non teñen carácter hereditario), quedan un total de 147 apelidos cataláns. Creo que esta cifra pode ser indicativa do legado onomástico dos conserveiros cataláns establecidos en Galicia desde finais do XVIII. Destes 147, 49 non se rexistran actualmente no conxunto dos apelidos de Galicia, isto é, só un 29% dos estudados. Sexa casualidade ou non, o feito é que a maioría dos conserveiros establecidos neste período manteñen os seus apelidos en Galicia. Quédanos, por tanto, un total de 98 apelidos distintos, que constitúen un 10% do total das 1.008 formas catalanas que contamos hoxe no noso corpus onomástico. Este número aumenta ó 26,5% se temos en conta o número de portadores destas formas; é dicir, trátase de apelidos que teñen unha alta proporción de usuarios. Non é raro, porque varios deles se sitúan entre os 100 apelidos máis frecuentes en Cataluña, segundo os datos do Institut d'Estadística de Catalunya (*Ferrer, Soler, Puig, Roig, Domènech*).


Táboa 1. Presencia dos apelidos cataláns en Galicia

	Formas		Ocorrencias	
Apelidos dos conserveiros (ss. XVIII-XIX)	168			
Apelidos dos conserveiros sen descendencia en Galicia	49	29%		
Apelidos de conserveiros inequivocamente cataláns	147			
Apelidos de conserveiros cataláns presentes hoxe en Galicia	98	67%		
Apelidos cataláns na Galicia actual	1008		25577	
Apelidos de conserveiros cataláns presentes hoxe en Galicia	98	10%	6775	26%


Naturalmente, estas cifras non indican forzosamente que as 6.775 ocorrencias que suman estes apelidos cataláns no censo actual correspondan a descendentes dos conserveiros. É obvio que non podemos inferilo só con estes datos. Pero se confrontamos os mapas dalgúns dos máis frecuentes (en concreto, *Ferrer, Soler, Puig* e *Domenech*), vemos que, salvo no caso de *Ferrer*, que ten unha alta concentración de usuarios tamén na zona de Valdeorras, en xeral presentan a súa distribución en zonas costeiras e, ademais, con representación en Santiago ou nas capitais de provincia, naturais polos de atracción de habitantes. Tamén sabemos que non hai atestacións anteriores a 1752 (data da confección dos Catastros da Ensenada)⁶, de maneira que podemos inferir que a primeira vaga de penetración importante de apelidos cataláns se dá, efectivamente, neste último cuarto do séc. XVIII, e que hai bastantes probabilidades de que unha parte deles, especialmente os que residen en áreas de asentamento dos conserveiros, procedan destes.

⁶ Consultei tódolos apelidos cataláns con máis de 30 ocorrencias nos catastros de Cabanas, A Coruña, Santiago e Tui. Só encontrei unha atestación de *Ferrer: Carlos Ferrer [tratante en lienzo]* (ano 1752 Catastro de Santiago p. 160).


Mapa 1. Ferrer
(806 ocorrencias)




Mapa 2. Soler
(427 ocorrencias)



Mapa 3. Puig
(326 ocorrencias)



Mapa 4. Domenech
(154 ocorrencias)



- O símbolo ○ indica o lugar de asentamento dos conserveiros cataláns con cada apelido a finais do séc. XVIII.
- O símbolo ●, en tamaño variable, indica as densidades de incidencia de cada apelido na actualidade.

Adóitase falar de dúas etapas na chegada dos cataláns. A primeira, de 1750 á invasión francesa, de carácter estacional; o comerciante catalán desprazábase a Galicia por temporadas anuais ou colleitas. Na segunda, a partir da ocupación francesa, os cataláns estabilízanse en Galicia e invisten

unha mínima parte dos beneficios na mellora e ampliación das súas factorías (Alonso Álvarez 1976: 47-48). Sen embargo, os datos onomásticos tirados dos artigos citados demostran que, independentemente de que ó principio os conserveiros volveran cada tempada a Cataluña, hai descendentes onomásticos dos seus apelidos desde a primeira migración. Exemplificaremos cos datos de Mugardos, datados entre 1760 e 1775: dos 14 apelidos rexistrados nesa época, soamente 3 non presentan restos onomásticos actualmente en Galicia (*Baldriz, Gassó e Inglada*). Por exemplo, o apelido *Gelpí*, establecido en Mugardos entre 1760 e 1775, hoxe ten 105 ocorrencias en toda Galicia, pero concentradas en Mugardos (27) e arredores (Ferrol, A Coruña e Ares, con 17, 15 e 13, respectivamente).

É obvio que este rastrexo non se pode facer con tódolos apelidos, cataláns ou da orixe que sexa, e que para os máis frecuentes (como *Ferrer*, que con máis de 800 ocorrencias ocupa o lugar 800 no elenco dos apelidos galegos), ou *Soler* (427 ocorrencias), ou *Romaní e Puig* (máis de 300), hai que buscar outras procedencias. Está claro que para *Solá*, que presenta as súas 198 ocorrencias repartidas, por un lado na zona da Coruña e Ferrol, e por outro, ó redor de Ourense e Verín, podemos especular que as da zona costeira proceden de conserveiros pero as do interior claramente se deberán a outros factores. En todo caso, creo que si se pode afirmar que as actuais atestacións onomásticas poden ser unha axuda útil para rastrexar os movementos migratorios.

4. A pronuncia dos apelidos cataláns

Os apelidos dos conserveiros cataláns pareceron conservarse na grafía que traían (no que respecta, claro está, ás particularidades do catalán que non son comúns ó castelán). Por exemplo, o uso de *-ch* (*Bosch, Buch, Domech, Lluch, Poch, Villoch*), que alternaba en catalán co *-c* ata que a proposta ortográfica de Pompeu Fabra fixo triunfar esta última, é moito máis frecuente no conxunto dos apelidos cataláns en Galicia có *-c* final (30 formas fronte a 6), o que pode ser un indicio da antigüidade da presenza destas formas.

Tamén se conserva o uso de *-ll* (*Carbonell, Martorell, Rosell, Vendrell*), o *-t* (*Crusat, Curt, Escofet, Gallart, Giralt, Ricart, Roquet, Rubert, Tort*), o *-g* (*Puig, Roig*) e mesmo de *-ny* (*Maristany*). Pero isto non significa que se pronunciasen (ou se pronuncien) á forma catalana. De maneira que, aínda que a grafía non cambiase, hoxe en día tamén os descendentes daqueles comerciantes están aclimatados á fonética do país (ou ós seus usos gráficos), e así pronuncian *Villoch* con africada final e oclusiva palatal, no canto de lateral palatal [biːʃɔtʃ] (e no caso dos monosílabos, téndese a incluír unha vocal paragóxica: así *Poch* dise [pɔtʃ] ou tamén [pɔtʃe], e posiblemente sexa tamén o caso de *Puche* (que viría de *Puch*, á súa vez unha grafía incorrecta, pero esta xerada en Cataluña, por *Puig*). E os que rematan en *-g* pronúncianse con fricativa velar xorda final: *Roig* pronúnciase [ˈrɔjx] ou mesmo [ˈrɔx] (ou a aspirada correspondente nas zonas de gheada); ó quedar unha consoante final inusual, tamén se tende a incluír un *-e* paragóxico: e de aí [ˈrɔjxe]. Os *-t* finais simplemente non se pronuncian (**Crusá, *Cur*), e as laterais

palatais finais, cunha consoante insólita nesta posición para os galegos, perden a palatalización (**Carbonel*, **Rosel*), o que ten o seu reflexo nas grafías doutros apelidos cataláns que atestamos (como *Atadel*, *Morel*, *Pinel*, *Martel*), ó lado das que conservan *-ll*, que son as máis frecuentes.

Algo semellante ocorre coa grafía <ny> e <ñ>. Hai un certo número de casos que presentan <ñ>: *Balañá*, *Castañer*, *Maña*, *Tañà*, *Suñer*, *Cuñat*, *Enseñat*, *Espuñes*, *Viñals*, *Perpiñá*, ignoramos se cambiada en Galicia ou xa traída así de Cataluña, pois ámbalas circunstancias son posibles. Tamén se conserva a grafía <ny> (en *Balny*, *Barbany*, *Benseny*, *Caseny*, *Durany*, *Estany* ou *Portasany* e, en posición intervocálica, *Vinyeta*, *Company* ou *Maristany*). Isto non quere dicir que se pronuncie como palatal: non se interpreta coma un dígrafo, senón como unha sílaba formada por unha consoante nasal alveolar e unha vocal palatal, e de aí a pronuncia **Marfani* ou **Fortuni*. Da mesma maneira é de supoñer que a grafía *Alemañy*, esta sen dúbida traída desde Cataluña, aínda que alí non se considere estándar, se pronunciará **Alemañi*, de maneira distinta có seu realmente homófono *Alemaný* (pero pronunciado [ale'mãni]).

Amáis destas esperables adaptación fonéticas ou gráficas, podemos constatar algunha outra transformación máis rechamante. Por exemplo, aínda que *Bujones* parece a primeira vista unha castelanización das que coñecemos en diversos apelidos galegos (como *Arjones* ou *Miñones*, dos topónimos *Arxóns* e *Miñóns*), en realidade coído que se trata dunha castelanización do cat. *Bujons*, nome dun conserveiro catalán establecido en Mugardos entre 1760 e 1775: non hai ningún topónimo galego *Buxóns*, mentres que si existe o apelido catalán *Bujons* (Moll 281), e os portadores deste nome actualmente están concentrados en Mugardos (21) e arredores (13 en Ares, 15 en Ferrol; a única excepción son 8 de Redondela). É curioso que das poucas deturpacións sufridas polos apelidos cataláns, a que existe ocorra por aparentar ser unha forma galega.

Algo parecido, pero que non se pode afirmar de maneira tan clara, lle ocorre a *Troche*: en Mugardos estableceuse con tal nome un conserveiro de orixe catalán a principios do XIX. Dado que non atestamos en Galicia ningún topónimo, palabra do léxico común ou antigo nome de posesor, e que fóra de Galicia a penas hai atestacións⁷, coidamos que se pode tratar dunha adaptación do catalán *Troch* ou *Troc*, adaptación que tamén se documenta en Cataluña (pero só con 4 ocorrencias). Ademais, actualmente, os portadores deste apelido (que ten 62 ocorrencias) viven case todos nas zonas da Coruña e Oleiros e mais en Vilagarcía, todos eles lugares tradicionais de asentamento catalán.

Conclusións

A análise do corpus onomástico contemporáneo, xunto coa confrontación dos de etapas anteriores (aquí, o do Marqués da Ensenada), pódenos axudar a comproba-la repercusións que tiveron na poboación determinadas

⁷ Segundo Infobel, hai outros tres en Madrid e un en Málaga.

circunstancias históricas. Neste caso, puidemos dar conta de que unha importante proporción do elemento catalán na nosa antroponimia tivo a súa orixe na primeira onda da inmigración dos conserveiros cataláns, no último cuarto do século XVIII.

A distribución espacial actual dos apelidos cataláns indica que na súa maior parte continúan fundamentalmente nas zonas costeiras, con presenza ademais nas capitais de provincia, seguindo as mesmas pautas cós naturais de Galicia, que mostran en xeral pouca mobilidade, non sendo ás principais cidades.

Por último, cómpre indicar que as formas dos apelidos non experimentaron máis cambios practicamente cós lóxicos derivados da súa adaptación fonética. Os procesos de castelanización máis ou menos sistemática que sufriron os apelidos galegos promovidos polas instancias oficiais xa tiveran lugar antes da súa chegada a Galicia e, por iso, salvo algunha excepción, non tiveron repercusións neles.

Bibliografía citada

- ALONSO ÁLVAREZ, Luis. *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen*. Madrid: Akal, 1976.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel. “Onomástica e dialectoloxía: a propósito de *raposo e golpe*”. *Dialectoloxía e léxico*. Ed. de Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2002. 115-136.
- CORNIDE, Joseph. *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*. Madrid: Joachin Ibarra, 1774.
- FERNÁNDEZ, Roberto / C. MARTÍNEZ SHOW. “La pesca en la España del siglo XVIII. Una aproximación cuantitativa (1758-1765)”. *Revista de Historia Económica* 3 (1984): 183-201.
- JUANA LÓPEZ, Jesús de / Xulio PRADA RODRÍGUEZ. *Historia de Galicia. Tomo V. Galicia contemporánea*. A Coruña: Vía Láctea, 1996.
- MEIJIDE PARDO, Antonio. “Contribución de los catalanes a la industria pesquera de Vigo. 1750-1815”. *Aportación española [al] 21º Congreso Internacional de Géographie: India*. Madrid: Instituto de Geografía Aplicada, 287-298, 1968.
- MEIJIDE PARDO, Antonio. *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la ría de Arosa: 1780-1830*. Comunicación presentada al I Coloquio de Historia Económica celebrado en Barcelona en mayo de 1972. A Coruña: Imp. Moret, 1973.
- MEIJIDE PARDO, Antonio. “La penetración de los catalanes en el puerto de Murgados, 1760-1830”. *Pedralbes. Revista d’Història Moderna*, 4 (1984): 7-38.
- MEIJIDE PARDO, Antonio. “Los salazoneros catalanes: la economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista”. *Anuario Brigantino* (1995): 91-104.

- MOLL, Francesc de B. *Els llinatges catalans (Catalunya, País Valencià, Illes Balears). Assaig de divulgació lingüística*. Palma de Mallorca: Ed. Moll, 19822.
- RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario. “Consecuencias del establecimiento de los fomentadores catalanes en las Rías Bajas en el siglo XVIII”. *Obradoiro de historia moderna: Homenaje al Profesor Antonio Eiras Roel en el XXV aniversario de su Cátedra*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1990. 269-296.
- SAAVEDRA VÁZQUEZ, M. Carmen. *Historia de Galicia. Tomo IV. Galicia na Idade Moderna*. A Coruña: Vía Láctea, 1995.

Catastro de Ensenada

- FERNÁNDEZ RIFÓN, Andrés: *Cabanas, Erines, Laraxe, San Martín do Porto, Regela, Sta. Cruz do Salto, Soaserra, según las respuestas generales del catastro de Ensenada, año 1752 y emblemas del municipio*. A Coruña: Deputación da Coruña, 1999.
- La Coruña 1752. *Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Int.: B. Barreiro. Madrid: Tabapress, 1990.
- Santiago de Compostela 1752. *Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Int.: A. Eiras Roel. Madrid: Tabapress, 1990.
- Tuy 1752. *Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Int.: O. Rey Castelao. Madrid: Tabapress, 1990.

Páxinas webs consultadas

- <http://www.cartedefrance.tm.fr/> [Apellidos franceses rexistrados desde 1891 á actualidade]
- <http://www.idescat.es/onomastica/orpi.stm> [Institut d’Estadística de Catalunya]
- <http://dcvb.iecat.net/> [Diccionari català-valencià-balear (DCVB), de A. Alcover e F. de B. Moll]
- <http://www.infobel.com/spain/> [Directorio telefónico de España]

Boullón Agrelo, Ana. “Sobre a presenza dos apelidos cataláns en Galicia”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.



Apéndice. Relación dos apelidos conserveiros cataláns asentados en Galicia a finais do séc. XVIII

(Nota: Aparecen sen ningún tipo de subliñado os apelidos cataláns con descendencia onomástica no repertorio actual dos apelidos galegos e que constituíron a fonte principal do noso estudo. O subliñado simple indica os apelidos cataláns que non se constatan actualmente no censo dos apelidos galegos. O subliñado ondulado indica as formas que, aínda tendo descendencia, non foron tidas en conta polas razóns expostas no punto 3).

<u>Albá</u>	Calvet	Escalada	<u>Golar</u>
<u>Albanell</u>	<u>Caminada</u>	Escofet	<u>Gori</u>
Alsina	Carbonell	Estefanell	Grau
Arnau	<u>Cardó</u>	Esteva	Guasch
<u>Badell</u>	Cardona	Fábregas	<u>Guijeras</u>
Badía	<u>Carreras</u>	<u>Farrés</u>	<u>Guinovart</u>
<u>Baladía</u>	<u>Carreró</u>	Feliu	<u>Guivernau</u>
Balaguer	Carsi	Ferrer	<u>Gumá</u>
<u>Baldriz</u>	<u>Casas</u>	<u>Ferret</u>	<u>Haz</u>
Ballester	Castañer	Font	<u>Illas</u>
<u>Bargalló</u>	<u>Castellá</u>	Fontanals	<u>Inglada</u>
<u>Bargés</u>	Catá	<u>Fontlladosa</u>	Isern
<u>Barreras</u>	<u>Cisteré</u>	Fuster	Jover
Bartolí	Colomer	Galcerán	<u>Lambert</u>
Batista	Comas	Gallart	<u>Lampallás</u>
Bori	Corbera	Galup	Llauger
Bosch	Crusat	<u>Gassó</u>	Llorens
Buch	Curbera	Gelabert	<u>Llorente</u>
<u>Buet</u>	Curt	Gelpí	Lluc
Buhigas	Cusí	<u>Gené</u>	Lluch
Bujons	Dalmau	Ginesta	<u>Llumbet</u>
<u>Burcet</u>	Domenech	Giralt	Llunas
Burt	Dotras	Goday	<u>Mallol</u>
<u>Calsada</u>	<u>Enríquez</u>	<u>Goel</u>	<u>Marcó</u>

<u>Marich</u>	Montaner	Pujadas	Rubert
Maristany	Moret	<u>Pujals</u>	Rubirosa
<u>Marset</u>	Moreu	<u>Pull</u>	<u>Sabriá</u>
Martí	<u>Murtra</u>	<u>Pullés</u>	<u>Serracant</u>
Marticó	Norat	<u>Rafecas</u>	Solá
Martorell	<u>Nunell</u>	<u>Raich</u>	Solé
Mas	<u>Ortoll</u>	Riba	Soler
<u>Masetti</u>	Parallé	Ricart	<u>Tapias</u>
<u>Masot</u>	<u>Pasant</u>	<u>Roca</u>	Torréns
Massó	<u>Pascual</u>	Roig	Tort
<u>Matalí</u>	Pijuán	Roldós	Troche
<u>Meltra</u>	Pla	Romaní	<u>Vadell</u>
<u>Millé</u>	Plana	<u>Roquete</u>	<u>Vallonrrat</u>
Mir	Poch	Ros	Vendrell
<u>Miró</u>	Portals	Rosell	<u>Vidal</u>
<u>Mirós</u>	Pou	<u>Roset</u>	<u>Vieta</u>
Miser	Prats	Roura	<u>Vilá</u>
Molins	Puig	Rovira	Villoch